



Concello do Porriño

ANUNCIO

Convocatoria para BASES REGULADORAS DO PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN PARA CONTRATACIÓN DE 3 PERSOAS MOZAS INSCRITAS NO SISTEMA NACIONAL DE GARANTÍA XUVENIL NO MARCO DO PROGRAMA FSE+ GALICIA 2021 – 2027 DO CONCELLO DO PORRIÑO 2025

Obxecto: O obxecto destas bases é regular o proceso de selección para a contratación durante nove meses de 3 persoas mozas, que non estudan nin traballan, inscritas e en situación de beneficiarias no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, co obxecto de proporcionarlles unha experiencia e práctica profesional que facilite a súa inserción laboral, que responde a necesidades urxentes e inaprazables, para a execución do programa de carácter temporal de duración determinada do Concello do Porriño; subvencionado ao abeiro da ORDE do 13 de agosto de 2025 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións destinadas á contratación de persoas mozas inscritas no Sistema nacional de garantía xuvenil, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, a través da colaboración con entidades locais e organismos intermedios sen ánimo de lucro, cofinanciadas pola Unión Europea no marco do Programa FSE+ Galicia 2021-2027, e se convocan para o ano 2025 (códigos de procedemento TR350E e TR349Z), publicada no DOG núm. 160, do 22 de agosto de 2025.

Sistema de selección: Oposición

Prazo para a presentación de instancias: 3 días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria na páxina web do Concello do Porriño

Lugar de presentación: Rexistro Xeral deste Concello, en horario de 09:00 a 14:00 horas, de luns a venres; na sede electrónica (oporri-no.sedelectronica.gal/) ou en calquera das formas establecidas no artigo 16.4 da Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).

Bases de selección: Están expostas no taboleiro de anuncios da Sede electrónica e no taboleiro físico de anuncios do Concello do Porriño e de forma complementaria, na páxina web municipal www.oporrino.org, sección Porremprego.

Documento asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde-Presidente

Concello do Porriño

C/ Antonio Palacios, 1, Porriño, O. 36400 (Pontevedra). Tfno. 986335000. Fax: 986330579